



PROTOCOLO PARA O TRATAMENTO DA NEOVASCULARIZACIÓN COROIDEA NA DEXENERACIÓN MACULAR ASOCIADA Á IDADE CON BEVACIZUMAB INTRAVÍTREO

(Segun estudo CATT¹ xa que é o que mostrou igual eficacia de bevacizumab y ranibizumab na membrana neovascular asociada a DMAE)

Criterios de inclusión:

- Neovascularización coroidea activa
- Difusión en angiografía con fluoresceína (AGF)
- Presenza de fluído en exploración mediante tomografía de coherencia óptica (OCT) localizado en ou baixo a retina ou baixo o epitelio pigmentario
- Ausencia de contraindicación para inxeccións intravítreas ou para a utilización de medicación antiangiogénica.

Agudeza visual corrixida entre 20/25 e 20/320

Doses de tratamento: 1.25 mg de bevacizumab (en 0.05 ml de solución)

Réxime de tratamento:

- **Inicial** : 3 doses de carga repartidas en 3 meses.
- **Retratamento** : pode realizarse a demanda , con inxeccións repetidas con un intervalo mínimo de 1 mes mentres continúe sendo efectivo.
- Mensual: 1 inxección mensual
- A demanda:
 - Exploración cada 28 días na que se realiza:
 - *OCT sempre
 - *AGF a criterio de oftalmólogo
 - Considéranse signos de neovascularización activa:
Presenza de fluído en OCT, hemorraxia nova ou persistente, diminución de agudeza visual en comparación con exame previo, evidencia de difusión AGF ou incremento do tamaño da lesión en AGF.
 - Repítese o tratamento si existen signos de neovascularización activa

CONTRAINDICACIÓNS:

A) A nivel sistémico

- Risco cardiovascular elevado: HTA mal controlada, antecedentes de accidentes tromboembólicos (Ictus, IAM recente).
- Contraindicación relativa é o uso de anticoagulantes.



B) A nivel ocular: todas aquelas condicións que favorezan a aparición de endoftalmías que aínda que non supoñen contraindicación absoluta para o tratamento si requiren tratamento previo á administración de antiangiogénico (blefaritis, conxuntivitis, infección de vías lacrimais etc.).

OBSERVACIÓNS:

- Cumprir de forma estrita os estándares de preparación de inxeccións intravítreas: técnica aséptica, con manipulación en cabina de fluxo laminar, acondicionamento en xiringa monodoses.
- Administrar baixo condicións de asepsia (uso de povidona en pel e fondos de saco, guantes estériles etc.)

. The CATT Research Group. Ranibizumab and Bevacizumab for Neovascular Age-Related Macular Degeneration. N Engl J Med 2011: 1-12.